


CRIATURAS DA NOITE

A COMPAÑA



A compañía é a procesión dos mortos tamén coñecida como Estadea, Procesión, As da Noite, etc.

Ás doce da noite os defuntos de cada parroquia acoden á chamada do que leva máis tempo enterrado, érguense das tumbas e póñense a andar polos camiños.

A procesión vai en dúas ringleiras, os seus integrantes van envoltos nun sudario branco e descalzos. Tódolos membros da comitiva levan luces, candeas ou ósos ardendo. Outros levan un farol, un estandarte, campaiñas e a cruz procesional. O portador da cruz é un vivo que está condenado a andar coa Compañía, a non ser que consiga pasarlle a cruz a outro vivo.

A Compañía sempre representa un perigo e, por iso, non é recomendable andar de noite.

Din que ó lado deste mito tamén se moven moitos bromistas e curas que buscan máis misas de ánimas. Pero

no sentir popular son defuntos que volven para reparar faltas que cometeron de vivos.

"Meu avó díxome que un día que el viña da taberna xa de noite, viu moitas luces que pasaban polo monte, non fixo moito caso, ceou e foi durmir; pero, ó día seguinte, a muller díxolle que morrera un veciño da parroquia do lado. Entón foi cando se deu conta de que aquelas luces que viu a noite anterior era sen dúbida a Santa Compañá".

"Outro avó cóntanos que seu avó lle contou que indo para a casa un día da feira de Celanova, fíxoselle de noite e nun cruce de camiños viu a Compañá. Quedouse paralizado e non se moveu ata que pasou. Ás poucas semanas recibe a noticia de que un irmán que tiña emigrado no Brasil morrera esa mesma noite."

A MORTE BRANCA E NEGRA

A Morte en Galicia ten características de divinidad, é considerada xusta, pois fainos a todos iguais, e case que nunca admite recomendacións.

Hai a Morte Branca, que é a encargada de avisar ós que van morrer, e a Morte Negra, que ven recoller ós que xa foron avisados.

Contan que un vello veuno recoller a Morte Negra e este díxolle que aínda non viñera a Branca a avisalo. A Morte Negra parouse a pensar e preguntoulle:

- *Non che caeron os dentes?*
- *Si.*
- *Non perdiches case a vista?*
- *Si.*

- *Non perdiches outras facultades que tanto che gustaban?*
- *Si.*
- *Non andas cos pés a rastro?*
- *Si.*
- *E logo, que máis avisos querías.*

"Conta miña bisavoa paterna que nas aldeas cando o moucho cantaba preto dunha casa pola noite, era sinal de malas novas, anunciaba a morte. Algunha xente intentaba espantar o paxaro, e din que unha vez un home quixo espantar a pedradas ó moucho que de noite se puña nun carballo. O carballo comezou a se transformar en formas demoníacas e o home morreu de susto."

